



A día de hoxe case todo o mundo coñece o **despropósito** no que se converteron os exames da **proba obxectiva** para o acceso pola vía excepcional ao título de **Enfermería Especialista en Pediatría**

. Despois das numerosas irregularidades que se viviron nesas probas, das que dan fe as moitas persoas que nos teñen consultado ao respecto e as numerosas impugnacións de preguntas da proba rexistradas, a día de hoxe o Ministerio de Educación inda non aclarou qué pasou, qué vai pasar nin qué medidas pensa tomar para garantir que todas as persoas que se inscribiron teñan as mesmas posibilidades e os mesmos dereitos á hora de participar neste proceso.

Para o día **22 de novembro** está programado o último exame, que, segundo se recolle na convocatoria, **está dirixido a aquelas persoas aspirantes que non se presentaran na data asignada para o primeiro exame ou que non superaran a proba**, pero dase a circunstancia que, a día de hoxe, coma quen di unha semana antes dese exame, ninguén sabe se superou ou non a proba, porque **desde o Ministerio inda non publicaron ningunha lista de aspirantes que superaran a proba**

. Por publicar, inda non publicaron unha explicación ás graves irregularidades que se deron nesas probas, nin tampouco unha desculpa nin moito menos, unha previsión de que é o que pensan facer para solucionar esta cerellada.

Agora, as persoas que despois de inscribirse para participar nesta Vía Extraordinaria, despois de gastar tempo e cartos, facendo esforzos para preparar a proba, desprazarse ao exame a Madrid, pasar polo suplicio dese exame con todas as irregularidades habidas e por haber, non saben que facer. Non saben se teñen que ir ou non teñen que ir o día 22 a Madrid. E nós, na **C**

IG

estamos temendo que se lles vaia ocorrer ás mentes pensantes do Ministerio publicar a lista de persoas que superaron a proba un ou dous días antes do día 22, porque, na súa visión centralista e centralizadora do mundo, pensan que claro, desde Colmenar Viejo ao lugar de celebración da proba chégase moi ben e non hai problema. Pero resulta que unha persoa de "provincias" ten que programar coa suficiente antelación unha viaxe, unha pernocta e mesmo realizar cambios de quenda e demais parafernalia que desde a "capital do reino" non son quen nin de atisbar.

Isto tamén dá conta do importante que é mirar nós por nós mesm@s e non deixar que sexa Madrid quen guíe os nosos destinos

Desde a **CIG Saúde** exiximos do Ministerio de Educación que emita unha aclaración pública sobre o sucedido nas probas, sobre as medidas a tomar para garantir a súa validez, e que, no caso de que o proceso siga adiante, **publique canto antes tanto as medidas a tomar coma as listas de persoas que superaron a proba**

Páxina do Ministerio onde se supón que informan sobre o proceso: [preme aquí](#).